




## Un viño, unha historia

Agora sen retirarnos desta acollidora parroquia, ó tempo que facemos unha degustación dun bo viño, deixámonos levar polos nosos sentidos e emprendemos un percorrido pola nosa historia, un pasado moi acariciado polo mar que nos baña, pero sen deixar atrás a terra que durante tantos anos nos tivo escravos dela.

Para encontrar os primeiros indicios de asentamentos humanos nesta zona, temos que trasladarnos ata datas moi remotas, á época da prehistoria, onde as poboacións eran reducidísimas. Numerosas son as mostras exparcidas pola parroquia que avalan estas afirmacións. Os restos atopados forman, fundamentalmente, parte dos monumentos fúnebres, ferramentas e algunhas mostras de arte rupestre. No caso das primeiras, hai contabilizadas ó menos catro mámoas (dolmes cubertos de terra) esparcidas por diversos puntos de Cela, todos eles en lugares xeográficamente altos, como en Paralaia, en Forno de



Arcas, nas Chans de Hermelo ou na Costa Grande; a función que cumprían estas mámoas eran a de "nichos", onde soterraban os mortos cos seus enseres.

É de supoñer, que estes poboadores primitivos tivesen algunhas ferramentas coas que desenvolver as súas tarefas diarias, eso si, ferramentas escasas e con múltiples funcións orientadas a supervivencia; os restos atopados, ó contarrío que no caso anterior foron atopados en lugares próximos ó mar. As pezas que máis abundantemente apareceron foron: unha machada de pedra pulimentada en Lapamán, outra machada de pedra tallada no lugar da Paradela, e tamén preto de aquí, foron atopados varios raspadores de cuarcito.

Os restos de arte rupestre, aínda que sexan moi cativos, si existen na parroquia; no lugar da Teixugueira e moi recentemente foron encontrados uns pequenos gravados rupestre nunhas pedras situadas nas Chans de Hermelo, a escasos metros da cruz.